



Concello de Vimianzo

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CONSTITUTIVA DA CORPORACION DE VIMIANZO

Na vila de Vimianzo, ás doce horas do día trece de xuño de dous mil quince, no auditorio da Casa de Cultura de Vimianzo, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión constitutiva da nova Corporación de Vimianzo convocada para este día.

Asisten os seguintes concelleiros electos:

D. MANUEL ANTELO PAZOS
D. FERNANDO MANCEBO AMIGO
D^a. MARÍA JOSÉ RAMOS REY
D. JOSÉ TRILLO LEMA
D^a. MARTA REY LEMA
D. JOSÉ ANTONIO VIDAL MIRA
D^a. MARÍA ÉLIDA PEQUEÑO LORENZO
D. ANSELMO RAMOS MARTÍNEZ
D^a. RAQUEL RODRÍGUEZ AMIGO
D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ BLANCO
D^a. PAULA MOUZO MACEIRAS
D^a. MÓNICA RODRÍGUEZ ORDÓÑEZ
D. MARIO ANDÚJAR MOUZO

 Secretaria: D^a. María Cristina Varela García

Interventor accidental: D. José Domingo Rodríguez Ferreira

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

1. Constitución da Corporación municipal de Vimianzo resultante das eleccións municipais celebradas o 24 de maio de 2015. Elección de alcalde.

I. FORMACIÓN DA MESA DE IDADE:

Aberta a sesión, a sra. Secretaria sinala: "*Bos días a todos. Neste acto vaise proceder á constitución da Corporación municipal de Vimianzo de conformidade co disposto no art. 195 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral e art. 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que dispoñen o seguinte:*

1. As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se presentase recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuxo suposto se constitúen o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.

2. A tal fin, constitúese unha Mesa de idade integrada polos elexidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como secretario o que o sexa da Corporación.

3. A Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base ás certificacións que ao Concello remitira a Xunta Electoral de Zona.

4. Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dos concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase a sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fose o número de concelleiros presentes".

A Mesa de Idade está integrada polo Concelleiro electo de maior idade, D. JOSE TRILLO LEMA, e a de menor idade, D^a. PAULA MOUZO MACEIRAS, que se están presentes neste acto poden pasar a ocupar os seus postos para presidir a sesión.

declárase constituída a mesa de idade por estar presentes nesta sesión as persoas a quen corresponde formalala, procedéndose seguidamente de acordo coa lei".

Unha vez constituída a Mesa de Idade, procécese á constitución da nova Corporación.

II. CONSTITUCION DA CORPORACIÓN

Prosegue a sra. Secretaria: "Procédese a continuacion a comprobar, como marca a lei, as credenciais dos concelleiros electos presentadas na secretaría da corporacion coa certificacion emitida pola xunta electoral de zona de corcubion.

Igualmente, procédese a comprobar que formularon as declaracións de bens e actividades e outras obrigas establecidas polo artigo 75.7 da lei de réxime local e o artigo 108.8 da lei electoral.

De acordo cos artigos 6, 7, 177 e 178 da Lei orgánica de Réxime Electoral Xeral se algún concelleiro considera que lle pode afectar algunha das causas de incompatibilidade sobrevida coa condición de concelleiro deberá manifestalo neste momento.

Unha vez que se comprobou o cumprimento das obrigas legalmente esixibles aos concelleiros electos, procede a toma de posesión dos seus cargos.

O art. 108.8 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral establece que no momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas Leis ou regulamentos respectivos.

Para a toma de posesión utilízase a fórmula de xuramento ou promesa recollida no Real Decreto 707/79, de 5 de abril.

Procédese ao chamamento dos concelleiros electos de acordo coa orde de prelación que consta na certificación da xunta electoral de zona de corcubión de data 01/06/2015, para que presten o xuramento ou promesa do seu cargo.


D. MANUEL ANTELO PAZOS, ¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a do Concello de Vimianzo con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do estado?

Sr. Antelo Pazos: "Sí, prometo."

D. FERNANDO MANCEBO AMIGO, ¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a do Concello de Vimianzo con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do estado?

Sr. Mancebo Amigo: "Sí, prometo."

D^a MARIA JOSE RAMOS REY, ¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a do Concello de Vimianzo con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do estado?



Concello de Vimianzo

Sra. Ramos Rey: "Sí, prometo."


D. JOSÉ TRILLO LEMA, *¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a do Concello de Vimianzo con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do estado?*

Sr. Trillo Lema: "Sí, prometo."

D^a. MARTA REY LEMA, *¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a do Concello de Vimianzo con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do estado?*

Sra. Rey Lema: "Sí, prometo."

D. JOSÉ ANTONIO VIDAL MIRA, *¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a do Concello de Vimianzo con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do estado?*

 Sr. Vidal Mira: "Sí, prometo."

D^a. MARÍA ÉLIDA PEQUEÑO LORENZO, *¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a do Concello de Vimianzo con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do estado?*

Sra. Pequeño Lorenzo: "Sí, prometo."

D. ANSELMO RAMOS MARTINEZ, *¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a do Concello de Vimianzo con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do estado?*

Sr. Ramos Martínez: "Sí, prometo."

D^a. RAQUEL RODRÍGUEZ AMIGO, *¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a do Concello de Vimianzo con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do estado?*

Sra. Rodríguez Amigo: "Sí, prometo."

D. JOSE MANUEL RODRIGUEZ BLANCO, *¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a do Concello de Vimianzo con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do estado?*

Sr. Rodríguez Blanco: "Sí, prometo."

D^a. PAULA MOUZO MACEIRAS, *¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a do Concello de Vimianzo con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do estado?*

Sra. Mouzo Maceiras: "Sí, prometo."

D^a MONICA RODRIGUEZ ORDOÑEZ, *¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a do Concello de Vimianzo con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do estado?*

Sra. Rodríguez Ordóñez: *"Sí, prometo."*

D. MARIO ANDÚJAR MOUZO, *¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a do Concello de Vimianzo con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do estado?*

Sr. Andújar Mouzo: *"Sí, prometo."*

SR. TRILLO LEMA: *"Téndose dado cumprimento ao disposto na lei electoral e no Real Decreto 707/79, esta mesa declara constituída a Corporación municipal de Vimianzo tras as eleccións locais celebradas o 24 de maio de 2015."*

A Corporación municipal queda constituída cos seguintes concelleiros:

D. MANUEL ANTELO PAZOS
D. FERNANDO MANCEBO AMIGO
D^a. MARÍA JOSÉ RAMOS REY
D. JOSÉ TRILLO LEMA
D^a. MARTA REY LEMA
D. JOSÉ ANTONIO VIDAL MIRA
D^a. MARÍA ÉLIDA PEQUEÑO LORENZO
D. ANSELMO RAMOS MARTÍNEZ
D^a. RAQUEL RODRÍGUEZ AMIGO
D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ BLANCO
D^a. PAULA MOUZO MACEIRAS
D^a. MÓNICA RODRÍGUEZ ORDÓÑEZ
D. MARIO ANDÚJAR MOUZO

SRA. SECRETARIA: *"En cumprimento do establecido no art. 86 do texto refundido de réxime local e no art. 56 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, darase conta do arqueo extraordinario realizado, dos xustificantes das existencias en metálico da corporación depositados en entidades bancarias e do inventario de bens."*

SR. INTERVENTOR ACCTAL: *"Segundo a acta de arqueo emitida o 12 de xuño de 2015, o estado de tesouraría arroxa unas existencias en metálico que ascenden a cincocentos vinteoito mil douscentos trece euros e vintenove céntimos (528.213,29€)."*


SRA. SECRETARIA: *"Respecto do Inventario Municipal de Bens, o artigo 17 do RD 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, establece:*

"As Corporacións Locais están obrigadas a formar inventario de tódolos seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición."

O artigo 33 do mesmo texto normativo, dispón o seguinte:

"1. A rectificación do inventario verificarase anualmente, e nela reflectiranse as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa.

2. A comprobación efectuarase sempre que se renove a Corporación e o resultado consignarase ao final do documento, sen perxuízo de levantar acta adicional con obxecto de deslindar as



Concello de Vimianzo

responsabilidades que pudieran derivarse para os membros saíntes e, no seu día, para os entrantes.”

Advírtese á Corporación que hoxe se constitúe do incumprimento dos preceptos citados, posto que o Inventario aprobado data do ano 1991 e non consta a realización de rectificacións anuais nin comprobacións con motivo da renovación da Corporación. Non obstante, consta no expediente balance extraído da contabilidade municipal de data 12 de xuño de 2015.”

III. ELECCION DE ALCALDE

SRA. SECRETARIA: “VAISE PROCEDER Á ELECCIÓN DO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIMIANZO.

O art. 196 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral establece que na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:

- a. Poden ser candidatos todos os concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.
- b. Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros é proclamado electo.
- c. Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente municipio.”

Vaise empregar o sistema de votación ordinaria (a man alzada) para a elección do alcalde-presidente.

Procederáse á votación dos candidatos por orde de maior a menor número de votos, segundo consta na acta de proclamación remitida pola Xunta Electoral de Zona. Se algún deles obtén maioría absoluta de votos (7) non se someterán a votación os seguintes e será este o electo.

Determinado o sistema de votación, procede que os candidatos cabeza de lista confirmen se manteñen a súa candidatura á elección de alcalde-presidente ou renuncian a ela.

CANDIDATOS	CANDIDATURAS	VOTOS OBTIDOS	Nº ELECTOS
D. MANUEL ANTELO PAZOS	BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASEMBLEAS ABERTAS	2.697	8
D ^a MONICA RODRIGUEZ ORDOÑEZ	INDEPENDIENTES POR VIMIANZO	818	2
D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ BLANCO	TERRA GALEGA	527	1
D ^a RAQUEL RODRÍGUEZ AMIGO	PARTIDO POPULAR	440	1
D ^a PAULA MOUZO MACEIRAS	PARTIDO SOCIALISTAS GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)	DOS DE 424	1

Dado que ningún dos cabezas de lista renunciou á súa candidatura, os candidatos proclamados á elección de Alcalde son os que acabo de citar.

Procédese a nomear os concelleiros candidatos a alcalde por orde, para que os concelleiros dean o seu voto ao candidato que escollan alzando a man:

D. MANUEL ANTELO PAZOS:

Votos a favor: Oito (8) votos.
Votos en contra: Cero (0) votos.
Abstencións: Cinco (5) votos.

SRA. SECRETARIA: "OBTENDO A CANDIDATURA PRESENTADA POR D. MANUEL ANTELO PAZOS , OITO (8) VOTOS, O QUE SUPÓN A MAIORÍA ABSOLUTA DO NUMERO LEGAL DE MEMBROS DA CORPORACIÓN (7 votos), QUEDA PROCLAMADO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIMIANZO D. MANUEL ANTELO PAZOS.

O ALCALDE-PRESIDENTE ELECTO PODE PROMETER OU XURAR O CARGO PARA O QUE FOI ELIXIDO".

SR. TRILLO LEMA: *¿XURAS OU PROMETES POLA TÚA CONCIENCIA E HONOR CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIMIANZO CON LEALDADE AO REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO?*

SR. ALCALDE ELECTO: *SÍ, PROMETO*

SR. TRILLO LEMA: "DÁMOSLLE POSESIÓN DO CARGO DE ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIMIANZO, DE ACORDO CO DISPOSTO NA LEI, FACÉNDOLLE ENTREGA DA VARA DE MEDIR (BASTÓN DE MANDO)."


O Sr. Alcalde-Presidente ocupa la Presidencia da sesión e da a palabra a cada un dos cabezas de lista, comezando pola Sra. Mouzo Maceiras.

Sra. Mouzo Maceiras: *"Bos días, quero agradecer a todos os veciños e veciñas a confianza depositada en min e no PSdeG-PSOE, que fixeron posible que hoxe tome posesión como concelleira.*

Quero que as miñas primeiras palabras sexan para felicitar a todos e cada un dos concelleiros e concelleiras que conforman esta corporación porque todos eles e elas son a expresión da vontade da cidadanía de Vimianzo.

En segundo lugar quero felicitar ao señor Antelo e ao BNG polos resultados obtidos. Supoñen un gran éxito pero unha enorme responsabilidade a que os votantes de Vimianzo teñen depositado en vostede e no seu grupo: xa non hai pretextos nin xustificación que impida traballar na procura da mellora das condicións de vida dos nosos conveciños e para que Vimianzo volva a ser protagonista de noticias positivas e non de liortas permanentes.

A nós, aos socialistas, os cidadáns decidiron que fôsemos oposición, e así o faremos. Con responsabilidade e sempre en defensa dos intereses colectivos dende os principios que sempre moveron aos socialistas:igualdade, liberdade e solidariedade. En nós atopará o goberno unha oposición responsable que criticará todo aquilo que se alonxe destes principios, e a colaboración leal naqueles asuntos que sexan beneficiosos para as persoas que vivimos en Vimianzo. Porque nos queremos un Vimianzo mellor. Grazas."



Concello de Vimianzo

A Sra. Rodríguez Amigo felicita ao alcalde polos resultados e agarda que sexa o alcalde de tódolos veciños e veciñas, sen distincións, e nese sentido vai facer unha oposición que vele porque se cumpra esa igualdade de trato.

O Sr. Rodríguez Blanco tamén felicita ao equipo de goberno pola maioría acadada e sinala, entre risas, que pouco tempo tivo para preparar o discurso por mor das festas da Santo Antoiño en Baíñas, non obstante reitera as súas palabras de felicitación.

A Sra. Rodríguez Ordóñez felicita tamén ao equipo de goberno e considera que non é momento de lembrar certas actitudes e comportamentos producidos durante a campaña electoral. Agradece o apoio electoral recibido pola súa candidatura e sinala que van seguir traballando polos intereses de Vimianzo dende a oposición.

O Sr. Alcalde agradece os discursos amabables que buscan a defensa de Vimianzo. Confía en que este sexa un novo ciclo e que estes catro anos pasados se convirtan nunha aprendizaxe de como non facer as cousas. Manifesta que, como alcalde, este é un momento de grande emoción porque o proxecto político pasa dun partido á sociedade, que lle da confianza cos seus votos. Agradece o esforzo dos que loitaron por un Vimianzo mellor, cando eran pequeniños, tando aos que aínda están como aos que non.

Continúa o alcalde agradecendo ao pobo de Vimianzo o seu comportamento cívico nestas eleccións. Di que acadar a maioría absoluta é un soño para quen encabeza unha candidatura. Comprométese a gobernar para tódolos cidadáns, con independencia de a quen votaran. Por riba de fobias persoais, considera que deben ter en conta a súa condición de representantes do pobo. Pide á oposición que exerza de oposición e axude a gobernar dende a crítica e nese sentido teñen a manda tendida.

Sinala o alcalde que o compromiso polo goberno é traballar polos intereses dos cidadáns, e hoxe iso significa mellorar as súas condicións económicas, e as liñas de actuación van ser: en primeiro lugar, a mellora do mundo rural; en segundo lugar, tamén no ámbito urbano, apostando pola cultura e o deporte; en terceiro lugar, traballar para que veñan empresas ao parque empresarial. En definitiva, o obxectivo deste goberno son os nosos veciños. Sinala tamén que somos un concello rodeado doutros, e nese sentido temos que fomentar o diálogo co resto dos concellos e fomentar a comarca. E tamén temos que contribuir a que Galicia vaia adiante. Nestas eleccións producíronse cambios, e soplan novos ventos para os cidadáns. Remata a intervención cun "viva Vimianzo".

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e trinta e cinco minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o trece de xuño de dous mil quince.

